

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de outubro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as catorce

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 10 de outubro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- David Arias Saa

ANTECEDENTES

1. Don Juan Carlos Bardelás Lamas, na representación que ostenta no presente expediente de Don DAVID ARIAS SAA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Romaces,

- parroquia de Río, solicita con data 22 de decembro de 2023 (RE-E núm. 742) licenza municipal para REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, con emprazamento no lugar de Romaces, parroquia de Río.
2. Achéganse proxecto técnico (visado colexial núm. [REDACTED], do 16/04/24), redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez.
 3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, non poderá exceder de dezaioito (18) meses.
 4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo rústico de protección agropecuaria” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a rehabilitación enerxética nunha vivenda unifamiliar existente, construída no ano 1970 segundo datos catastrais e do proxecto técnico achegado.
5. As obras proxectadas comprenden a mellora da envolvente térmica mediante a disposición dun sistema de fachada con illamento exterior tipo SATE; a incorporación de illamento polo interior da cuberta inclinada da vivenda, mediante placas de poliestireno expandido XPS de 10 cm. de espesor; a substitución da carpintería exterior existente por unha nova carpintería de aluminio lacado con rotura de ponte térmica e dobre

- acristalamento baixo emisivo; e a mellora das instalacións térmicas mediante a substitución do equipo térmico existente por unha instalación para calefacción a ACS mediante bomba de calor con unidades terminais de baixa temperatura.
6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
 7. A edificación obxecto das obras proxectadas é preexistente antes da aprobación definitiva do PXOM que non resulta plenamente compatible coas determinacións deste, xa que incumpre os usos admisibles no solo rústico, pero que non está incurso en situación de fóra de ordenación. Xustifícanse no proxecto as obras como de conservación e mantemento que non varían o uso da edificación e respectan o volume edificado existente, sen afectar á cimentación, á estrutura nin a compartimentación da vivenda, polo que resultan obras permitidas polo artigo 89 das normas urbanísticas do PXOM e polo RSLG para as edificacións non plenamente compatibles coas determinacións do PXOM.
 8. A referencia catastral do inmovible é 000300600NH82B0001QJ.
 9. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CORENTA E CINCO MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (45.997,69 €).
 10. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
 11. O Servizo de Infraestruturas Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 13/04/24, autoriza as obras na ZCP Val de Camba.

12. Tendo en conta que as obras proxectadas atópanse situadas na zona de protección da estrada autonómica PO-533, solicitouse a preceptiva autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.
13. Por resolución do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra, de data 07/10/24, outórgase a autorización solicitada, con condicionantes (expediente núm. [REDACTED])
14. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
15. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
16. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
17. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Don DAVID ARIAS SAA licenza municipal para REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, con emprazamento no lugar de Romaces, parroquia de Río, con estrita suxeición ao proxecto técnico (visado colexial núm. [REDACTED], do 16/04/24), redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.

- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de NOVECIENTOS DEZANOVE EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (919,96 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de DOUSCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (229,99 €).

3.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA CON LICENZA

ANTECEDENTES

1º.- Don JAVIER LEDO CORZO, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Couso, parroquia de San Martiño de Asperelo, solicita con data 1 de maio de 2024 (RE-E núm. 241) unha prórroga do prazo de execución de obras de **INSTALACIÓN DE CEBADEIRO DE PORCINO**, con emprazamento no lugar de Couso, parroquia de San Martiño de Asperelo.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 11 de decembro de 2020, adoptou acordo de outorgamento da licenza para as devanditas obras.

3º.- O prazo de execución das obras consignado na licenza foi de tres (3) anos dende o seu inicio. Segundo a acta de replanteo e inicio das obras achegada, estas iniciáronse o día 12 de maio de 2021.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 29/05/24, acreditando a conformidade da prórroga solicitada coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145, apartados 3 e 4, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) textualmente dispón: “Os *municipios* poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Conceder ao solicitante unha prórroga de tres (3) anos para a execución das obras, que rematará o día 12 de maio de 2027.

Segundo.- A prórroga queda condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRAS

— José García Vence

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2024, concedeuse a Don JOSÉ GARCÍA VENCE licenza municipal para EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos. En data 20/06/24 practicouse a correspondente liquidación do ICIO (6.500,52 €) e da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas (1.625,13 €), calculadas sobre o presuposto de execución material

da obra achegado pola solicitante que ascendía á cantidade de 325.025,92 €. Ditas cantidades atópanse pendentes de pago a esta data.

Con data 13 de agosto de 2024 (RE-E núm. 467) Dona Gloria Bernárdez Beltrán, na representación que ostenta do titular da licenza, solicita a súa anulación, desistindo na realización das obras autorizadas. O arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias emite informe con data 14/10/24 acreditando que as obras para as que se lle concedeu licenza non foron executadas.

Xa que logo, debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Deixar sen efecto, a petición do seu titular, a licenza municipal para EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Penerbosa, parroquia de Negrelos, instada por Don JOSÉ GARCÍA VENCE, e concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2024, ordenando o arquivo do expediente sen máis trámite.

Segundo.- Comunicar a anulación da licenza no seu día concedida á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, aos efectos oportunos e en relación ao expediente por eles tramitado (██████████).

Terceiro.- Anular a liquidación do ICIO, por importe de SEIS MIL CINCOCENTOS EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (6.500,52 €), practicada pola Intervención municipal en data 20 de xuño de 2024, ao non terse producido o feito impoñible do imposto.

Cuarto.- Denegar a devolución da liquidación pola Taxa por expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 1.625,13 €, por terse producido o feito impoñible da taxa coa prestación dos servizos administrativos de verificación da legalidade das obras proxectadas, previos á concesión da licenza.

5.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE SUBMINISTRO DE “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO RETROEXCAVADORA” (EXPEDIENTE NÚM. PAS-SU 2/2024)

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación do subministro de “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO RETROEXCAVADORA”, na reunión celebrada o día 11 de outubro do corrente, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do único licitador presentado, unha vez admitida e avaliada a proposta presentada, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	DISTANCIA TALLER	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PRAZO ENTREGA	VEHÍCULO SUBSTITUCIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
MAXIDEZA S.L.	██████	30.250,00 €	50,00	20,00	4,00	10,00	8,00	92,00

B/ Resume da puntuación

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
MAXIDEZA S.L.	██████	92,00

2º.- O licitador proposto Maxideza S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido nas cláusulas 15ª, 16ª e 17ª do prego (RS-E núm. 443, do 11/10/24).

3º.- Con datas 11 e 15 de outubro do corrente (RE-E núm. 579 e RE núm. 1678), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, a través dos medios establecidos nos artigos 87.3 a) e 89.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- ✓ Garantía definitiva por importe de MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (1.250,00 €), mediante aval da entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., estendido en data 14 de outubro de 2024 (Rexistro núm. ██████).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 18ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a adquisición do subministro denominado “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO RETROEXCAVADORA” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: MAXIDEZA S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 25.000,00 €

IVE: 5.250,00 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Trinta mil douscentos cincuenta euros (30.250,00 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Única proposición admitida.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas nos pregos de prescricións técnicas e de

cláusulas administrativas particulares que regulan a presente licitación, así como á realización efectiva das melloras ofertadas.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicalo no perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

6.- APROBACIÓN DAS BASES E PROGRAMA DA XIII EDICIÓN DO CERTAME “FEIRA RUBIA GALEGA DO PAÍS”

O concelleiro-delegado do Sector Primario informa aos/ás membros deste órgano das xestións realizadas ata esta data en relación coa recuperación da tradicional feira da vaca rubia en Río, que non se celebraba dende o ano 2007. A presente edición sería a décimo terceira dende a súa creación. Dado que dita feira foi no pasado unha das exposicións de vaca rubia máis importantes de Galicia, o goberno municipal aposta por impulsar unha nova edición da mesma que se desenvolverá o vindeiro domingo día 20 de outubro no recinto feiral de Río. A feira vén a complementar e está directamente relacionada coa iniciativa “*Sabor labrego*”, no eido da promoción da carne de vacún, que se desenvolveu o pasado día 19 de maio do corrente.

A organización da feira vaina coordinar de xeito primordial o Concello, a través da Concellería-Delegada do Sector Primario, en colaboración coa asociación de recente creación denominada Asociación gandeira da rubia galega do país. Contará con financiamento e patrocinio tanto de administracións públicas como de entidades privadas.

Considérase que a recuperación desta feira constituirá algo estratéxico, amais de simbólico, en prol do rural cambote e provincial, contribuíndo á posta en valor desta raza autóctona e da labor dos/as gandeiros/as para a súa supervivencia e continua mellora, así como á promoción do sector gandeiro como principal actividade económica do Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a XIII edición do certame “*Feira Rubia Galega do País*” o vindeiro día 20 de outubro do corrente en Ríó.

Segundo.- Aprobar a programación e bases confeccionadas pola Concellería-Delegada de Sector Primario, que se conteñen no anexo ao presente acordo.

Terceiro.- Autorizar o gasto que orixine a iniciativa con cargo ao orzamento municipal, ata un límite global por todos os conceptos de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), IVE incluído.

Cuarta.- Facultar expresamente ao Sr. concelleiro-delegado de Sector Primario para que dispoña as instrucións que resulten necesarias para o mellor desenvolvemento da iniciativa aprobada.

ANEXO

BASES E PROGRAMA DA XIII EDICIÓN DO CERTAME “FEIRA RUBIA GALEGA DO PAÍS”

Art. 1.- Organizado polo Concello de Rodeiro conxuntamente coa Asoc. Gandeira Rubia Galega do País.

Art. 2.- A Dirección Técnica do Concurso e da Poxa Oficial recaerá nos Inspectores da Raza designados por A.C.R.U.G.A..

FINALIDADE

Art. 3.- A finalidade que se perseguen, fundamentalmente, son:

-Poñer de manifesto o potencial produtivo que especialmente posúe o gando da raza “Rubia Galega”, particularmente no noso concello.

-Estimular a dedicación dos gandeiros nos programas de mellora e orientación da selección.

-Facilitar a adquisición de reprodutores selectos, como base para a mellora das explotacións e cría desta raza e para competir no mercado interior e estranxeiro.

- Xerar unha fonte de ingresos para as ganderías que desexan puxar algún dos seus animais.

EXECUCIÓN

Art. 4.- A Organización de todos os servizos do Certame e a aplicación deste Regulamento, serán exercidos pola Comisión Organizadora.

COMISIÓN ORGANIZADORA

Art. 5.- A Comisión Organizadora, estará formada polo tenente de alcalde do Concello de Rodeiro e o presidente da Asociación Gandeira Rubia Galega do País.

XURADOS

Art. 6.- Os xurados que actuarán no CONCURSO, aos niveis correspondentes, serán: O XURADO DE ADMISIÓN E O XURADO DE CUALIFICACIÓN.

Art. 7.- XURADO DE ADMISIÓN:

PRESIDENTE: O tenente de alcalde do concello de Rodeiro.

VOGAIS: Un técnico de A.C.R.U.G.A. e o presidente da asociación Gandeira Rubia Galega do País.

SECRETARIO: un empregado/a de A.C.R.U.G.A.

Art. 8.- Serán misións específicas do Xurado de Admisión, as seguintes:

- a) Colaborar co Servizo Veterinario de Inspección Sanitaria para garantir que cada animal preséntese coa documentación sanitaria esixida.
- b) Revisar a documentación xenealóxica dos exemplares e a súa correspondencia coas reses presentadas e cos datos que figuran na Cédula de Inscripción.
- c) Comprobar a preparación e presentación dos animais e rexeitar a admisión daqueles que non alcancen o nivel mínimo esixido para o Concurso ou que non teñan correcta toda a documentación. Esta misión realizarase nas explotacións, para evitar complicacións e gastos innecesarios ao gandeiro.
- d) Elevar proposta á Comisión Organizadora sobre cantas medidas ou modificacións considere necesarias.
- e) Dispoñerá de amplas facultades para incluír en seccións distintas aos exemplares que, con arranxo ao programa do Certame, estean situados naquelas que non lles corresponda por razón de idade.

Art. 9.- XURADO DE CUALIFICACIÓN: Estará composto por 1 xuíz designado por A.C.R.U.G.A. e titulado na "Escola de Xuíces da Raza Rubia Galega"

Art. 10.- Serán misións deste Xurado, as seguintes:

- a) Eliminación da pista en cada sección, se procede, daqueles animais que non posúan méritos suficientes para obter un premio ou mención honorífica.
- b) Clasificación do resto dos animais en cada sección pola orde de méritos morfolóxicos, quedando finalmente colocados en pista segundo a devandito orde.
- c) Outorgamento de premios ou mencións honoríficas.

Art. 11.- Por parte da Entidade Organizadora, facilitarase aos Xurados os medios que sexan necesarios para a mellor realización do seu traballo.

Art. 12.- Outorgarase 3 premios por sección (1º, 2º e 3º). Se o Xurado considera que nalgunhas seccións os animais presentados non merecen ser premiados poderá deixar deserto un, varios ou a totalidade dos premios da devandita sección ou seccións que se ten previsto no programa.

Art. 13.- O Xurado non poderá crear novos premios sobre os que figuren nas seccións correspondentes do programa, nin outorgar os que puidesen quedar desertos, sen permiso da Comisión Organizadora.

Art. 14.- Unha vez clasificados e premiados os animais de cada sección, o Xurado redactará e asinará a acta correspondente, por triplicado, onde figurarán os animais premiados por orde de categorías.

Art. 15.- As decisións do Xurado Cualificador serán inapelables.

Art. 16.- Todas aquelas cuestións que exceden da competencia do Xurado de Admisión e do Xurado de Cualificación, así como calquera incidencia que se presente e non estea prevista neste Regulamento, ou as dúbidas que puidesen existir na interpretación do mesmo, serán resoltas pola Comisión Organizadora do Certame.

Art. 17.- Poderán tomar parte no certame todos os criadores de gando selecto da Raza Rubia Galega inscritos no Libro Xenealóxico que o desexen e así o solicitaran dentro do prazo establecido e que o gando concursante reúna todas as

condicións que para o mesmo esíxense neste Regulamento. A Comisión organizadora poderá limitar o número de exemplares concursantes por gandería, por motivos de capacidade de aloxamento do Mercado.

Art. 18.- As solicitudes de participación formularanse á ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE GANDO VACÚN SELECTO DA RAZA RUBIA GALEGA (A.C.R.U.G.A.) por vía postal, WhatsApp ou e-mail nos prazos que esta estableza. Para iso haberá un formulario oficial de inscrición da gandería e os animais da mesma que se desexan presentar ao certame, ao dispor dos gandeiros, nas oficinas de ACRUGA e na páxina web, de onde se poderá descargar.

CONDICIÓN QUE DEBE CUMPRIR O GANDO

a) De tipo xeral

Art. 19.- Os animais que concorran ao evento deberán estar identificados individualmente mediante crotal auricular ou outros sistemas autorizados con arranxo ao Regulamento (UE) 2016/429, sobre identificación e rexistro dos animais da especie bovina e no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro. Os animais serán mantidos durante todo o tempo do evento en instalacións que aplicaría un protocolo adecuado de desinfección e desinsectación, á vez que e aplicaranse repelentes de insectos nos animais. Procuraráselles en todo momento alimento e bebida de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas. Deberán ser transportados en vehículos que cumpran as normas relativas a protección animal e que fosen limpados e desinfectados antes da carga, debendo presentarse o correspondente certificado de limpeza e desinfección expedido por un CLD autorizado. Tanto os transportistas como os vehículos de transporte estarán rexistrados e autorizados de acordo coa normativa aplicable. Os condutores e coidadores dispoñerán dos certificados de competencia que lles sexan preceptivos

Art. 20.- Todos os animais, antes da súa entrada no recinto do evento, serán sometidos a recoñecemento sanitario por parte dos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural, que comprobarán o estado sanitario dos mesmos e a documentación de orixe que os acompañe, non admitindo a entrada no recinto a aqueles animais que non presenten un adecuado estado de saúde ou aqueles en os que se detecte algún incumprimento na documentación de acompañamento. O Servizo de Gandería de Pontevedra da Consellería do Medio Rural, reservase, en caso de dúbida, o poder efectuar as comprobacións pertinentes do estado sanitario dos animais. Os animais asistentes deberán atoparse nas suficientes condicións de presentación e manexo da categoría e distinción que a raza esixe. Os exemplares que non reúnan as condicións serán eliminados do recinto do Certame polo Xurado de Admisión.

Art. 21.- As idades citadas nas distintas categorías entenderanse referidas ao 20 de outubro de 2.024.

b) De carácter xenealóxico

Art. 22.- Serán condicións indispensables que todos os animais concursantes figuren inscritos no Libro Xenealóxico da raza.

c) De carácter sanitario

Art. 23.- As condicións de índole sanitaria esixidas aos animais para ser admitidos ao recinto do certame son as seguintes: Deberán proceder de explotacións situadas en zonas non sometidas a ningunha medida de restrición sanitaria e que non tivesen contacto con explotacións sometidas a esas restricións. Os animais non estarán destinados a sacrificio ou sometidos a restrición en virtude dun programa nacional ou rexional de erradicación, vixilancia ou control. Todas as partidas de animais irán provistas da seguinte documentación sanitaria:

- O gando procedente da Comunidade Autónoma de Galicia poderá asistir acompañado do documento oficial que acredite a máxima cualificación sanitaria da explotación (T3B4), no que figuren rexistrados o animais obxecto do traslado. Esta documentación amparará tamén aos animais nados na explotación posteriormente á realización das probas anuais de saneamento gandeiro. Nos demais casos ou se os animais proceden de explotacións doutras Comunidades Autónomas será precisa autorización sanitaria oficial de traslado (Guía de Orixe e Sanidade Pecuaria).

- Certificado veterinario no que se faga constar que os animais foron sometidos a tratamento antiparasitario interno e externo nos 30 días previos ao traslado.

- Certificado oficial expedido polo Servizo Provincial de Gandería, no que se acredite o cumprimento dos requisitos sanitarios citados a continuación.

Requisitos sanitarios específicos: Só poderán concorrer ao evento os animais procedentes de explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculoses, Oficialmente Indemnes de Bruceloses, Oficialmente Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina e Libres de Perineumonía Contaxiosa Bovina. Ademais, dentro dos 30 días anteriores á celebración do evento, os animais que participen no mesmo deberán cumprir os seguintes requisitos :

Tuberculose Bovina

Os animais maiores de 6 semanas de idade resultarían negativos á proba de intradermotuberculización simple (IDTBS), conforme ao recolleito no anexo I do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, Regulamento delegado (UE)2020/689 do 17 de decembro de 2019 e Programa nacional de erradicación da infección causada polo complexo M. tuberculose (CMT) 2022. Non precisarán probas de IDTBS previas nos 30 días anteriores os animais que procedan de explotacións de Asturias, Canarias, País Vasco ou de territorios, rexións ou estados oficialmente libres de infección do complexo Mycobacterium tuberculosis.

Non poderá asistir ao evento ningún bovino que teña a consideración especial de “animal de seguimento” de acordo co Programa nacional de erradicación de tuberculose bovina. Nos animais que proceden de explotacións de Galicia:

-Se os animais asisten ao evento exclusivamente con finalidade de exposición ou concurso non precisarán probas
-Se asisten ao evento con finalidade de poxa ou venda , unicamente precisarán probas no caso de que se incorporaron na explotación de orixe con posterioridade á realización da última campaña de saneamento nesa explotación. Neste caso os animais maiores de 6 semanas deberán ser negativos a unha proba de intradermotuberculización bovina simple (IDTBS), conforme ao Anexo I do Real Decreto 2611/1996, do 20 de decembro e Programa nacional de erradicación de tuberculose bovina 2022.

Brucelose Bovina

- Os animais maiores de 12 meses, que procedan dun territorio, rexión ou estado non oficialmente indemne de brucelose bovina, presentarían un resultado negativo ás probas de diagnóstico de brucelose bovina (conforme ao Anexo II do Real Decreto 2611/1996, do 20 de decembro), de acordo ao recolleito no Programa nacional de erradicación de brucelose bovina 2022. Non serán necesarias estas probas de diagnóstico se os animais proceden de explotacións B4 de territorios oficialmente libres de brucelose bovina. Por tanto, esta proba non será necesaria para animais procedentes de Galicia e do resto de España

Leucose Enzoótica Bovina

- Os animais maiores de 12 meses, que procedan dun territorio, rexión ou estado non oficialmente indemne de Leucose Enzoótica Bovina, resultarían negativos a unha das probas de detección fronte a esta enfermidade. Esta proba non será necesaria para animais procedentes de Galicia e do resto de España ou para aqueles procedentes de calquera outro territorio, rexión ou estado oficialmente indemne de Leucose Enzoótica Bovina.

Perineumonía Contaxiosa Bovina

Os animais maiores de 12 meses, que procedan dun territorio, rexión ou estado non libre de Perineumonía Contaxiosa Bovina, resultarían negativos a unha das probas de detección fronte a esta enfermidade (Decisión 90/208/CEE). Esta proba non será necesaria para animais procedentes de Galicia e do resto de España ou para aqueles procedentes de calquera outro territorio, rexión ou estado libre de Perineumonía Contaxiosa Bovina.

Rinotraqueite infecciosa bovina (IBR)

Todos os animais bovinos maiores de 9 meses, presentarán resultado negativo ás probas de detección de anticorpos específicos fronte á glicoproteína gE do virus da Rinotraqueite Infecciosa Bovina (IBR), nos 15 días previos ao movemento cara ao evento, realizada nun laboratorio oficial. No caso de animais que retomen a explotacións cualificadas IBR3 ou IBR4, deberán realizar unha nova proba de detección da glicoproteína gE con resultado negativo aos 21 días da entrada na explotación de orixe, realizada nun laboratorio oficial. Diarrea Vírica Bovina (BVD) Todos os animais presentarán unha

proba negativa de detección de antíxeno fronte á Diarrea Vírica Bovina (BVD) realizada nun laboratorio oficial. En animais menores de 3 meses a proba realizarase en cartilaxe auricular. Os animais menores de 3 meses deberán tamén obter resultado negativo á proba serolóxica de detección de anticorpos específicos fronte a p80 do virus BVD. As femias xestantes deberán ter resultados negativos á proba serolóxica de detección de anticorpos específicos fronte a p80 do virus BVD, realizada nun laboratorio oficial. Só permitirase a entrada de femias positivas a BVD anticorpos se existe constancia documental laboratorial de que dita positividade é anterior ao comezo do período de xestación, tanto se están vacinadas con vacina viva coma se non o están. No caso de que os animais estean vacinados con vacinas inactivadas e non cumpran o punto anterior, deberán ir acompañados dunha certificación veterinaria conforme na explotación non existiu circulación vírica durante o seu período de xestación.

Paratuberculose

Os animais maiores de 9 meses resultarían negativos ás probas para a detección de anticorpos fronte a Paratuberculose (*Mycobacterium avium*, subsp. Paratuberculose), realizadas nun laboratorio oficial.

Neosporose bovina Os animais maiores de 9 meses que asistan ao evento con finalidade de poxa ou venda, deberán presentar un resultado negativo ás probas para a detección de anticorpos fronte ás Neosporose bovina. Todas as probas laboratoriais indicadas deben realizarse nun laboratorio oficial. No caso de que no evento realicéase actividade mixta de exposición /concurso e poxa/venda, na medida do posible, os animais destinados a estas dúas actividades estarán suficientemente separados. Os animais que proveñan doutras Comunidades Autónomas cumprarán os requisitos establecidos na Orde APA/1251/2020, do 21 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, cuxa última modificación é a Resolución do 15 de decembro de 2021, que modifica as partes A e B do anexo I. Os movementos serán autorizados desde orixe polas autoridades competentes. As normas sanitarias deste Regulamento permanecerán viventes mentres a situación epizootiolóxica non cambie, estando suxeitas a posibles modificacións que serán debidamente comunicadas.

DESCARGA, ALOXAMENTO E CUSTODIA DO GANDO

Art. 24.- Os animais concursantes deberán ser presentados nas instalacións do recinto feiral de Río, Rodeiro (Pontevedra) nos días e horas seguintes:

20 de outubro, ata as 11 horas: animais que participan na Poxa Oficial.

20 de outubro, ata as 11 horas: animais que participan no Concurso Nacional.

Art. 25.- O transporte, custodia e manexo do gando correrá a cargo dos seus propietarios, que deberán adoptar as medidas eficaces para garantir a súa seguridade, xa que son responsables de cantas incidencias poidan producirse.

Art. 26.- O Comité Organizador do Certame poñerá os medios necesarios para o mellor estado e permanencia do gando. Neste sentido, durante a celebración do Certame, funcionará no recinto do mesmo un servizo gratuíto de asistencia sanitaria.

Art. 27.- O gando presentado deberá aloxarse obrigatoriamente na zona gandeira sinalada para o efecto polo Comité Organizador, permanecendo en todo momento na devandita praza.

Art. 28.- Calquera traslado sen autorización expresa, poderá sancionarse coa perda dos dereitos para concursar e se xa estivese clasificado, coa anulación dos premios que obtivese.

Art. 29.- Os gandeiros expositores achegarán os utensilios e elementos suficientes para o manexo dos animais.

SECCIÓNS DO CONCURSO

Art. 30.- Os exemplares participantes no Concurso, quedarán agrupados nas seguintes seccións:

- SECCIÓN 1ª.- Crías de 0 a 10 meses
- SECCIÓN 2ª.- Xatas de 11 a 24 meses
- SECCIÓN 3ª.- Vacas maiores de 2 anos

- SECCIÓN 4ª.- Xatos de 11 a 24 meses de idade
- SECCIÓN 5ª.- Sementais maiores de 2 anos

Art. 31.- Dada a finalidade deste Concurso, o Xurado de Cualificación poderá subdividir as seccións en función das características do gando presentado, sempre co visto e praxe da Comisión Organizadora.

POXA DO GANDO

Art. 32.- Poderán participar da POXA OFICIAL:

- a) Os xatos RN fillos e netos de RD, de idade comprendida entre os 14 e 26 meses cualificados, sen defectos morfolóxicos descalificantes e cun grao de consanguinidade inferior ao 6%.
- b) As xatas RN fillas e netas de RD, con xestación confirmada, de idade comprendida entre os 18 e 42 meses, sen defectos morfolóxicos descalificantes e cun grao de consanguinidade inferior ao 6%. O propietario debe achegar a documentación que acredite a cubrición con touro de raza Rubia Galega. No caso de que se demostre que ao animal nado non é fillo do semental declarado no parte de cubrición ou recibo de inseminación tomaranse as medidas oportunas.

Art. 33.- Todos os animais que participen na poxa deberán de cumprir coas condicións sanitarias que figuran no art. 23 esixibles para a mesma.

Art. 34.- A cualificación dos animais participantes na poxa será realizada polos Inspectores da Raza e os técnicos de ACRUGA.

SAÍDA DO GANDO

Art. 35.- Unha vez finalizado o Certame, a Comisión Organizadora establecerá a hora de saída do gando do recinto do concurso, debendo os propietarios proverse da oportuna Guía de Orixe e Sanidade e da documentación que lles foi recollida á súa entrada.

PREMIOS A CONCURSANTES

Art. 36.- Haberá 3 premios por categoría. Os premios consistirán en diversos trofeos que estarán expostos no recinto feiral de Río, Rodeiro durante todo o día 20 de outubro ata o momento da entrega de premios mais unha achega económica de 300€ ao primeiro clasificado por categoría, 200€ ao segundo clasificado por categoría e 100€ ao terceiro clasificado por categoría.

Art. 37.- A proposta do Xurado de Cualificación e unha vez aceptado pola Comisión Organizadora, poderán concederse diplomas especiais a exemplares que reúnan méritos sobresalientes.

Art. 38.- A recollida dos premios por parte dos propietarios dos exemplares gañadores ou persoas en quen delegue será unicamente presencial no Acto de Entrega de Premios. Os premios non recollidos durante ese acto non poderán ser reclamados con posterioridade.

7.- ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADE CULTURAL COA DENOMINACIÓN "XORNADA MICOLÓXICA"

Á proposta da concelleira-delegada de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade, e ao obxecto de facilitar aos/ás veciños/as interesados/as un coñecemento axeitado das especies de setas que medran no campo nesta tempada de outono, así como do seu aproveitamento como

recurso culinario, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a actividade cultural denominada “*Xornada micolóxica*” o vindeiro día 1 de novembro, ás 10:30 horas, na Casa da Cultura de Rodeiro.

Segundo.- A xornada consistirá primeiro nunha charla formativa, de iniciación, repaso, normativa e consellos para a recollida de cogomelos, e posteriormente nunha saída de campo acompañada dun experto. E para rematar unha degustación gastronómica de elaboracións realizadas a base de cogomelos nun restaurante da localidade.

Terceiro.- Establecer en trinta (30) prazas o número máximo de asistentes inscritos na actividade.

Cuarto.- Fixar, para a degustación gastronómica, unha cantidade de copagamento de 10,00 € para participantes maiores de 14 anos, e de 5,00 € para os menores desa idade.

8.- MODIFICACIÓN DA TITULACIÓN ESIXIDA PARA A CONTRATACIÓN SUBVENCIONADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS”

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 20 de agosto do corrente, solicitouse á Deputación Provincial unha subvención ao abeiro do proxecto “+*Emprega nos Concellos*” para a contratación, baixo a modalidade de contrato formativo, dun/ha traballador/a coa titulación de “*Grao en Terapia Ocupacional*”. Realizada a oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a provisión do posto de traballo subvencionado, a Oficina de Emprego de Lalín informa ao Concello de que non existen desempregados/as inscritos/as no SPEG con dita titulación no ámbito da provincia de Pontevedra.

Cómpre en consecuencia modificar dito acordo para substituír dita titulación por outra equivalente e compatible co plan formativo asinado.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Modificar os acordos deste órgano, adoptados nas sesións de datas 20 de agosto e 10 de outubro do corrente, substituíndo a titulación de “*Grao en Terapia Ocupacional*” pola de Grao en Psicoloxía.

Segundo.- Realizar nova oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a provisión do posto de traballo subvencionado de conformidade coa nova titulación acordada.

Terceiro.- Manter a vixencia e plena aplicación do contido restante dos acordos anteriormente sinalados.

9.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, INCLUÍDA NO PROGRAMA PON2030

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 3 correspondente á obra de “*Humanización e mellora peonil da rúa B de Rodeiro*”, incluída no Programa PON2030, por importe de VINTE E TRES MIL SEISCENTOS DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (23.602,39 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Antonio Carro Núñez.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 23.602,39 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 24/061 (FACe), de data 04/10/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

10.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona Carmen Daparte Carral (RE núm. 1670, do 14/10/24), e a proposta de resolución emitida con data 14/10/24 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona CARMEN DAPARTE CARRAL, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Couso, parroquia de San Martiño de Asperelo.

11.- CONCESIÓN DA SEXTA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 24 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 15, correspondente ao día 22/01/24. Con data 15 de marzo do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 382, do 25/03/24).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Tamara García Fuentes, con data 10/10/24, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a sexta quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor dos/as veciños/as que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

Gastos correntes

BENEFICIARIO/A	DNI / NIE / PASAPORTE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
████████████████████	██████	Rodeiro – Rodeiro	310,95 €	Apoio á infancia (material escolar)
██████████	██████	Padín – Arnego	334,15 €	Subministración básica (compra de leña)
████████████████████	██████	Negrelos – Negrelos	444,75 €	Apoio á infancia (material escolar)

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2024. Os/as beneficiarios/as deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2025. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 18,48 €
Por subministro de doces para actos protocolarios, s/factura núm. 13483.
- SERTECO-OR S.L. 572,51 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopadoras do Concello, s/facturas núm. 24A/1399 e 24A/1398 (FACe).

- MARCAXE DEZA S.L. 211,75 €
Por subministro de diverso material de oficina, s/factura núm. 24067 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 518,79 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1360.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 214,17 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 67/24.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 381,15 €
Por traballos de reparacións eléctricas na fonte da rotonda de Rodeiro, s/factura núm. 66/24.
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 1.000,67 € E 828,85 € E 762,30 €
Por diversos traballos de reparacións en beirarrúas do casco urbano de Rodeiro, s/facturas núm. 2024-16, 2024-21 e 2024-23 (FACe).
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 948,00 €
Por subministro de canle de saneamento para obras municipais, s/factura núm. 174 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 3.481,17 €
Por traballos previos para a instalación de depósito de auga no lugar de Barregallos, s/factura núm. 2024-19 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 1.730,30 € E 1.185,80 €
Por traballos de reparación de avarías na rede de abastecemento de auga no lugar de Rodeiro, s/facturas núm. 2024-15 e 2024-20 (FACe).
- AMBIGAL 360 S.L. 2.367,75 €
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 01-A240434 (FACe).

- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A240391 (FACe).
- FINANCIERA MADERERA S.A. 121,00 €
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 1501008350 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 3.299,67 € E 2.075,15 €
Por traballos de acondicionamento de pontes nos lugares da Penela e Barbeitos, s/facturas núm. 2024-24 e 2024-25 (FACe).
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 1.016,40 €, 1.718,20 € E 1.191,85 €
Por traballos de formigonado de vías públicas nos lugares de Riobó, Barregallos e Saa, s/facturas núm. 2024-17, 2024-18 e 2024-22 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 2.351,27 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041290986 (FACe).
- CANTERAS DEL ARENAL S.L. 3.971,94 €
Por subministro de zahorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000046 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)